



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# Levando a tradición oral á escola

Unha experiencia de Aprendizaxe-Servizo  
no Grao en Educación Infantil

Iria Sobrino Freire  
Monsterrat Muriano Rodríguez



### A acción de servizo

Familiarizar os nenos e nenas da etapa de Educación Infantil co patrimonio cultural oral e coa lingua galega dun xeito lúdico.



### A acción de aprendizaxe

- Diseñar propostas didácticas para aplicar na aula.
- Desenvolver habilidades de expresión oral en lingua galega.
- Pór en práctica diferentes técnicas de narración de contos.
- Coñecer a literatura de tradición oral.





## Participantes

Estudantado da UDC  
Grao en Educación Infantil  
Materia: Didáctica da lingua galega



Nenos e nenas de Educación Infantil  
Centros educativos galegos



## Fases do proxecto

<b>1. Detección de necesidades</b>	Visita e prospectiva nos centros para a súa selección
<b>2. Formación e preparación</b>	Sesións teóricas e obradoiros Escolla dos materiais literarios e ensaios.
<b>3. Implementación</b>	Posta en práctica da actividade nas escolas
<b>4. Avaliación</b>	Autoavaliación, avaliación por pares e avaliación polas docentes



## Resultados

Entre 2012 e 2017 participaron arredor de 700 estudantes e 75 centros educativos.

A avaliación do profesorado dos centros e as reaccións dos nenos e nenas son netamente positivas.

Nas enquisas de avaliación ao alumnado esta é a actividade mellor valorada da materia.

O proxecto contribúe á adquisición de competencias e obxectivos de aprendizaxe dunha maneira lúdica e motivadora.

O estudantado desenvolve capacidades de autocrítica e conciencia cívica.

A actividade ten un potencial transformador, na medida que implica a dignificación da cultura oral e a normalización da lingua galega na escola.

